



Pteridium aquilinum

 Fento común

O **fento común**, **felgueira** ou **fieito común** (*Pteridium aquilinum* (L.) Kuhn) é unha especie de fieito pertencente á familia Hypolepidaceae. Esta especie é un dos organismos vexetais de máis ampla distribución, podéndose atopar en todos os continentes, salvo na Antártida.

En Galicia é o máis estendido dos fentos, ocupando o sotobosque principalmente de piñeirais.



Fento común



Clasificación científica

Reino: Plantae
División: Pteridophyta
Clase: Pteridopsida
Orde: Pteridales
Familia: Dennstaedtiaceae
Xénero: ***Pteridium***
Especie: ***Pteridium aquilinum***

Descrición

Trátase dun fieito isospóreo (*tódalas esporas do mesmo son iguais*) vivaz ou perenne cun rizoma subterráneo moi desenvolvido que chega a acadar até un metro de lonxitude, o rizoma é de cor parda e está cuberto de pelos escuros. As frondes son moi grandes, de até 2 metros, con láminas bi ou tripinnadas con pínulas ovoides e glabras (desprovistas de pelo) na cara superior. O pecíolo é menor ou igual en lonxitude que a lámina.

Posúe soros reunidos en cenosoros (*agrupacións de soros*) lineares con dobre indusio: este dobre indusio está composto por unha parte por un pseudindusio (falso indusio) membranoso composto pola mesma lámina e por un indusio verdadeiro de cor parda no envés das frondes. Os esporanxios son esferoidales e teñen un anel lonxitudinal, e as esporas son triletas (é dicir, teñen unha marca tripla procedente do contacto cas esporas próximas da tétrade) e son moi lixeiras, podéndose espallar de xeito doado por mor do vento. A súa esporulación prodúcese entre xuño e setembro.

Hábitat

Especie subcosmopolita de distribución mundial e ausente en zonas desérticas e subdesérticas, que habita desde o nivel do mar até os 2.000 metros de altitude aproximadamente, sobre pisos profundos ben drenados até áreas en zonas frescas con substratos lixeiramente silíceos. Forma parte de moitas series de vexetación e as súas etapas de degradación ao ser extremadamente resistente aos incendios forestais. En Galicia pódese ver en moitas partes, mais prefire sobosques rareados ou solos ácidos sen cobertura.



Os fentos, feitos, feitos ou felgos son plantas vasculares agrupadas na división Pteridophyta.

O grupo fórmano unhas 12.000 especies de plantas que, coma os musgos, teñen xilema e floema (sendo logo consideradas plantas vasculares). Teñen talos, follas e raíces como as outras plantas vasculares.

A diferenza é que non teñen flores nin producen semente, ao se reproduciren por esporas. Están formados por un rizoma carnoso e follas grandes ás veces moi divididas: as frondes.

O grupo de fentos máis amplo con diferenza é Polypodiopsida, pero os fentos como aquí se definen (chamados tamén monilofitos) inclúen as xestelas (xénero Equisetum), o xénero Psilotum, a familia das maratiáceas, e a das ofioglosáceas. O termo pteridophyte tamén se refire a outras plantas vasculares que non son en si "fentos" (ver clasificación na sección de abaixo).

Os fentos aparecen en rexistros fósiles de hai 360 millóns de anos, no Carbonífero, porén moitas das familias e especies que hoxe en día existen non apareceron até hai aproximadamente 145 millóns de anos, ao comezo do Cretáceo (despois de que as plantas con flores comezaran a dominar o ambiente).

Os fentos non teñen moita importancia económica, aínda que algúns son comestíbeis, poden ser usados como ornamentais, para restauración de solos contaminados ou incluso para limpar o ar pola súa capacidade de retirar contaminates químicos do ar. Algúns considéranse herbas daniñas. Xogan tamén un papel importante na mitoloxía, na medicina e na arte.

O máis estendido dos fentos é o fento común (*Pteridium aquilinum*), moi abundoso en Galicia, por exemplo nas carballeiras onde forman estensas superficies. Emprégase como estrume. Segundo a área xeográfica recibe diferentes nomes: feito, feito, felgo, felga, fenta, fieita, folgueiro, folgueira, fulgueiro, fulgueira, folgueirón, cento, fiento, ciento, faínto, feínto, fuento, fenta, afeto, foieto, foieito, fuleto, fuleiro e felecho.





